

## **NOTA DE PRENSA**

### **O COPG clausura o exhaustivo programa de formación en Psicoloxía Sanitaria 2014**

---

*Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2014.*- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vén de pechar o curso “Formación en Psicoloxía Sanitaria 2014”, unha actividade que constou dun total de 400 horas de formación e que comezou o pasado mes de marzo. Foron 21 os colexiados/as que participaron neste programa especializado sobre as destrezas básicas que se requiren no traballo do ámbito sanitario.

Os/as asistentes contaron cunha parte teórica, de 300 horas, sobre Psicopatoloxía, Psicoterapias, Avaliación Psicolóxica, Psicoloxía da Saúde e Psicofarmacoloxía. Ademais incluíu o tratamento das principais cuestións legais e éticas relacionadas co exercicio da profesión, así como os principios básicos seguidos pola investigación neste ámbito. As clases presenciais combináronse con traballos a distancia, test de avaliación e titorías.

As outras 100 horas restantes conformaron unha parte práctica, con simulación de casos clínicos, na que outros psicólogos/as colexiados/as se fixeron pasar por pacientes. Os/as alumnos/as dispuxeron dun sistema pechado de vídeo para ver estas entrevistas e debater sobre as diferentes intervencións aplicadas na entrevista terapéutica.

O curso “Formación en Psicoloxía Sanitaria 2014” deu continuidade ao traballo comezado en 2012 con este tipo de actividades formativas no eido da Psicoloxía Sanitaria. A metodoloxía empregada consolida nas actividades docentes do COPG a utilización de sistemas pechados de vídeo para as prácticas e dunha plataforma de formación on-line (<http://copgalicia.eu>) para a transmisión de información, a realización de titorías, participación en foros e para a coordinación dos traballos a distancia.

Os docentes encargados de impartir a formación foron José Eduardo Rodríguez, Daniel Latorre, Raquel Espantoso, Mercedes Fernández, Ignacio Dopico e Marta Bouzas, todos/as psicólogos/as clínicos/as con experiencia profesional no ámbito sanitario. O curso, segundo as avaliacións que fixo o propio alumnado, tivo unha moi boa acollida, cualificando o temario desenvolto, a metodoloxía empregada, a labor organizativa, os contidos e os/as docentes dunha forma moi positiva.

#### **Saúdos,**

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Raquel Miranda  
634 599 932  
[comunicacion@copgalicia.org](mailto:comunicacion@copgalicia.org)

Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)  
[copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)